

Comunicado nº 022/19
26 de Febreiro de 2019

□ COMISIÓN GALEGA DE KARTING-KARTING MARINEDA FACTORIA DE PILOTOS:

A factoría de pilotos naceu no 2015, e a iniciativa desenrolada por Karting Marineda, co propósito de apoiar o Deporte de Base e dar oportunidades ós miles de cativos pilotos que queren probar as súas actitudes no Automobilismo.

Nestes anos, Karting Marineda, becou a 22 pilotos, que a través da factoría participou nunha proba do Campionato de Galicia de Karting.

As becas inclúen tódolos gastos que supón participar nunha proba do Campionato de Galicia de Karting. A finalidade desta

boa iniciativa é darlle unha oportunidade ós cativos que se achegan á instalación de "Karting Marineda Indoor", con asesoramento de monitores que fan de olladores, captan nas capacidades e talento dos afortunados do volante e fan un informe que é o inicio da busca de talentos. Na maioría dos casos, os cativos que son becados, non teñen experiencia no Karting.

O éxito da factoría Marineda queda reflexada en pilotos como Adrián Vázquez. Adrián foi becado na tempada 2015, xamais montara nun kart, achegouse cos seus pais de compras a Marineda, pasaron a probar polo circuito indoor, e os olladores-monitores apreciaron o seu talento e recomendaron aos pais que se inscribira na factoría Marineda. Catro anos máis tarde Adrián é campión Galego de Karting ata en tres categorías.

A factoría Marineda becou no 2015 a oito pilotos, na de 2016 a seis pilotos, na de 2017 a cinco pilotos, na de 2018 a tres pilotos, coas Escuderías colaboradoras Trukart Motorsport e IRT Escudería.

Na tempada de 2019 becarase a tres pilotos coa colaboración da Comisión Galega de Karting e da Federación Galega de Automobilismo. Estase a asinar o convenio que fará máis doado e levadeiro o proxecto 2019.

A planificación da edición de 2019 será a seguinte:

O **10 de Marzo de 2019** realizaremos a **presentación da 5ª edición da Factoría de Pilotos**. Desde o 10 de marzo ata o 30 de abril queda aberto o prazo de inscrición ás probas de preselección.

Pase de Ouro: Este ano engadimos un novo aliciente. Todos os pilotos que se inscriban entre o 10 de marzo e o 30 de abril, poderán adestrar por 8 euros cada carreira en Karting Marineda. O mellor tempo de cada categoría terá un pase directo á selección final da Factoría de pilotos.

O **5 de Maio de 2019** disputarase a preselección en Karting Marineda. Este domingo correranse varias carreiras das que saíran os pilotos que pasarán á selección final. Elixiranse os 5 mellores tempos de cada categoría para a selección final. O prezo para participar na preselección é de 45€/piloto.

Os días **25 e 26 de maio** disputarase a **selección final no circuito das Pontes** con karts de competición.

Premio: Correr nunha proba da segunda volta do Campionato Galego (pendente de definir por parte da escuadra, a organización e o bolseiro).

Ligazóns de vídeos das instalacións e resumo das pasadas edicións da Factoría de Pilotos:

[Presentación de Karting Marineda](#)

[Presentación Factoría de pilotos](#) - Edición 2015

[Pruebas de selección en Circuito Fernando Alonso](#) - Edición 2017

Para calquera consulta podes poñerte en contacto en

www.kartingmarineda.com

ou nas nosas instalacións en:

Karting Marineda S.L.
Carretera Baños de Arteixo, 43
C.C. Marineda City, 2ª Planta
15008 A Coruña

COMISIÓN GALEGA DE KARTING

